



ANA M^a ÁLVAREZ BECERRA, Concelleira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte Solicitude ante o Pleno da Corporación municipal, en relación co concurso de novela curta de Ribeira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Co galo do centenario da cidade de Ribeira convocáronse unha serie de actividades unha delas foi o “concurso de novela curta”. Como recordamos a gañadora deste concurso foi Begoña Paz Rei coa súa obra “As mellores intencións”.

O fallo desta obra realizouse en decembro de 2006 e a entrega do premio en xaneiro de 2007. As bases da convocatoria deste concurso comprometían a edición da obra gañadora e asemade o goberno municipal amosaba a disposición á continuidade, en convocatoria anual, deste concurso.

Un ano despois nin está editada a obra gañadora, co lóxico perxuízo para a autora da mesma, nin se ten convocado a segunda edición do concurso. Esta situación amosa a falta de seriedade por parte do goberno municipal e a deixadez das funcións da concellería de cultura.

Por iso, o Grupo Municipal do BNG presenta a seguinte:

SOLICITUDE

- **Realizar, de maneira urxente, a edición da obra gañadora do Concurso de Novela Curta**
- **Convocar a segunda edición deste concurso.**

Ribeira, 12 de febreiro de 2008

Asdo.: Ana Álvarez Becerra